


TEMA 6: FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA 1: CARLOS MARX



ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE:

(PREGUNTAS TEÓRICAS ABAU)

1) ALIENACIÓN E IDEOLOGÍA EN MARX

ESQUEMA TEMA



[PERFIL PSICOLÓGICO E MARCO SOCIOLÓGICO DE MARX E ENGELS.-]

⇒ **CONTEXTUALIZACIÓN DO AUTOR E DO
TEXTO**

⇒ **A.- ALIENACIÓN E IDEOLOXÍA EN MARX**

⇒ **B.- TEXTOS MARX**

PERFIL PSICOLÓXICO E MARCO SOCIOLÓXICO

DE MARX E ENGELS.-

Psicoloxicamente son dúas persoas con moitos puntos en común:

a) Ambos tiñan ante si un panorama de boa vida burguesa; Marx, porque a posición do seu pai era desafogada e el podería ter con facilidade unha boa carreira universitaria. Engels aínda con maior razón, dado que a súa familia era realmente rica.

b) Sen embargo, **BROTOU NELES O ESPÍRITO DE OPOSICIÓN, O ESPÍRITO REVOLUCIONARIO, O ESPÍRITO DE ENFRONTAMENTO Á INXUSTA ESTRUCTURA DA SOCIEDADE DO SEU TEMPO.** Este enfrontamento, dende o punto de vista vital, tivo maiores consecuencias para Marx, que pasa graves dificultades económicas ata que chega a xenerosa axuda de Engels.

c) É dicir, que **AMBOS FORMAN PARTE DESE ESCASO NÚMERO DE EXTRAORDINARIAS PERSOAS QUE VIVEN DE ACORDO COAS SÚAS IDEAS, QUE LEVAN Á PRÁCTICA OS IDEAIS TEÓRICOS QUE ACEPTARON!!!**. Isto non é nada frecuente dentro dos seres humanos, e sitúa aos dous pensadores nas máis altas cimas da nosa especie.

d) En realidade, un e outro quizais representen a máis forte obxección á teoría de Feuerbach de que son as condicións económicas as determinantes do modo de pensar; se Feuerbach tivera razón absoluta e cada home pensase segundo o que come, non vemos claro cómo Marx tería sido Marx e Engels tería sido Engels.

Socioloxicamente, Marx e Engels atópanse nunha sociedade que, en xeral, goza xa das liberdades conseguidas pola Revolución Francesa, pero que son liberdades que non influíron na estruturación económica de tal sociedade. O capitalismo está en pleno desenvolvemento e **O OBREIRO É EXPLOTADO DUNHA MANEIRA SALVAXE** 🌟🌟🌟; ten o obreiro, certo é, liberdades civís, pero **ESAS LIBERDADES SON A LIBERDADE DE MORRER DE FAME OU A LIBERDADE DE PASAR A VIDA SOMETIDO A UN TRABALLO INHUMANO.** 🌟🌟🌟

Coñecemos as condicións de tal traballo por numerosos relatos, tanto de índole científica como literaria, pero quizais o máis arrepiante sexa o famoso informe que, en 1.840, realizou o doutor VILLERMÉ; Engels, na súa obra "Situación da clase obreira en Inglaterra", escrita no 1.845, tamén se fixo eco desta situación.

Non referiremos aquí con detalle o INFORME VILLERMÉ, pero exporemos algúns dos seus puntos:

a) **Xornada laboral en xeral de catorce e, nalgúns casos, de máis horas.** 🌟🌟🌟 Tendo en conta que no século XIX o día tamén tiña 24 horas, é fácil ver que a vida dun obreiro nas famosas fábricas de fiados inglesas limitábase a traballar e durmir (e comer, se podía).

b) Quizais o máis terrible sexa a descrición do **traballo das mulleres e dos nenos**; especialmente é penosa a situación **destes últimos, que, por un salario aínda máis miserable que o dos adultos, traballaban xornadas de doce e catorce horas.** 🌟🌟🌟

c) **De fin de semana nada, traballábase ata o domingo.** ☹️

d) **Nada de vacacións pagadas nin non pagadas; o que quería ir de vacacións, se é que podía, perdía o emprego.** ☹️

e) **Non había seguridade social, é dicir, que o enfermo non percibía salario; cando máis se necesitaba diñeiro, ao estar enfermo, quedaban sen nada o enfermo e a familia.** 🌟🌟🌟

f) **Non había lexislación de accidentes de traballo: se alguén por un accidente quedaba inválido, quedaba tamén sen percibir ningún diñeiro ou pensión.** ☹️

g) **Non existía a xubilación; o que pola súa idade xa non podía traballar, alá el.** ☹️

h) **O despido era totalmente libre, a vontade do patrón.** 🌟🌟🌟 (Que queredes que vos diga. Isto paréceme inhumano, e desgraciadamente non é cousa só do pasado. E a ver a onde nos levan!!)

Pero quizais o máis aterrador do que sabemos é a disposición existente en Inglaterra segundo a cal se podía, por anticipado, **VENDER O TRABALLO DOS FILLOS.** Vexamos esta monstruosidade con detalle. ☹️☹️

Un pai de familia, que traballa todo o máximo que pode, debido á miseria dos salarios (os salarios rexíanse polo que Lasalle chamou a lei de bronce do salario, é dicir, **pagar ao traballador o mínimo para que non morra literalmente de fame**), non pode facer fronte ás máis imperiosas necesidades familiares. Entón vai ao patrón e pídlle diñeiro, e este dálle o diñeiro como pago do traballo que, no futuro, faga o fillo do obreiro. **De forma que este fillo, cando chegue á idade de traballador, atoparase con que, por exemplo, os tres ou catro, ou os que sexan, primeiros anos do seu traballo xa non os cobra, por telos cobrado o seu pai.** (Poñédevos na súa pel!!!)

E un dos aspectos máis noxentos desta situación foi que moitos, que deberían ter berrado contra ela, **quedaron calados**. E foron Marx e Engels e algúns outros, os que valentemente levantaron a súa voz en defensa do obreiro.

Naqueles momentos encarnaron **A CONCIENCIA DA HUMANIDADE.**]

☆☆

CONTEXTUALIZACIÓN DO AUTOR E DO TEXTO

CARLOS MARX (1.818-1.883). SÉCULO XIX: VIDA E OBRA

CARLOS MARX, AUTOR ALEMÁN DO SÉCULO XIX, PERTENCENTE Á FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA E CREADOR DO MARXISMO. Naceu en Tréveris, (Reino de Prusia), de familia de orixe xudía. O seu pai era un bo burgués e abandonara a fe xudía, converténdose ao protestantismo en 1.817 e bautizando a toda a súa familia en 1.824; tratábase, pois, dun xudeu que intentou a “asimilación”; profesionalmente o pai de Marx era avogado; enviado polo seu pai estudou dereito en Bonn e en Berlín: xa na época de Berlín únese a un grupo de xoves hegelianos; doutorase en Filosofía; o 13 de xuño de 1.843 casa con Jenny von Westfalen, filla dun barón alemán; con este matrimonio Marx convértese en cuñado de Von Westfalen, ministro do Interior de Prusia no goberno de Manteuffel, goberno duramente reaccionario; Marx abandona a idea de dedicarse ao ensino universitario e dedícase ao periodismo; dirixe a “Gaceta Renana”, prohibida en 1.853.

A partir deste momento, Marx é un rebelde, perseguido constantemente por un ou outro goberno, ata encontrar refuxio en Inglaterra. Ante a actitude das autoridades prusianas, Marx pasa a París, onde atopa ao que sería fiel amigo e colaborador: Federico Engels.

En París coñece a Bakunin (anarquismo) e a Proudhon (socialismo utópico); expulsado de Francia a petición do goberno prusiano, marcha a Bruxelas; expulsado de Bélxica en 1.848, regresa a Francia e posteriormente a Alemaña, onde inicia unha **actividade revolucionaria**, causa de que sexa expulsado de novo en 1.849; pouco tempo en París e marcha a Londres, onde non conseguiu un traballo fixo, subsistindo miseravelmente, o que fixo pasar a Marx por dificultades económicas; o episodio máis cruel desta miseria foi o desafuzamento de Marx e da súa familia, que constaba de catro nenos de curta idade; a única axuda que recibiron naqueles momentos foi a da súa criada, Helena Demuth, a cal fora dada a Jenny pola súa nai cando casou. Helena foi sempre moi fiel aos Marx.

Foi só cara ao dez últimos anos da súa vida cando Marx conseguiu un relativo benestar, en parte pola axuda xenerosa de Engels. **Marx repousa xunto con Jenny no cemiterio de Highgate, en Londres. Xunto con eles está a súa fiel Helena.**

OBRAS.- A produción de Marx foi ampla. Podemos citar:

- “O capital”
- “Manifesto do partido comunista” (en colaboración con Engels)
- “A sagrada familia”
- “A miseria da Filosofía”
- “A loita de clases”
- “Contribución á crítica da economía política”
- “Manuscritos de Economía e Filosofía”
- “Teses sobre Feuerbach”, en “A ideoloxía alemá” (con Engels).

[**OBRAS ENGELS**.- “*Anti-Dühring*”, “*Do socialismo utópico ao socialismo científico*”, “*A orixe da familia, da propiedade privada e do Estado*”, “*Ludwig Feuerbach e o fin da filosofía clásica alemá*”; “*A dialéctica da natureza*”.]

A época na que Marx nace e morre pode considerarse como a **ÉPOCA NA QUE A BURGUESÍA CONSOLIDA O SEU PODER, DESPRAZANDO Á ARISTOCRACIA E AO ABSOLUTISMO.** Outra **clase social**, a **OBREIRA**, se expande numericamente e **VAI ADQUIRINDO GRADUALMENTE AUTONOMÍA ORGANIZATIVA E POLÍTICA.**

A primeira parte da súa vida ten como marco histórico a **Restauración**, é dicir, o restablecemento dos **vellos poderes da aristocracia e o absolutismo**. Porén, o **liberalismo** e as reformas sociais e políticas que se levaron a cabo durante a **Revolución Francesa** non eran doadas de borrar da memoria da burguesía. Tiveron lugar **revolucions liberais**, que, **encabezadas pola burguesía**, se enfrontaban á Restauración e **esixían liberdade e participación política**.

AS REVOLUCIÓNS DO SÉCULO XIX FORON RADICALIZÁNDOSE E ADQUIRINDO UN CARÁCTER CADA VEZ MÁIS SOCIAL. NESTAS REVOLUCIÓNS OBSÉRVASE UN DISTANCIAMENTO ENTRE A BURGUESÍA E O PROLETARIADO, que **comezaron loitando xuntos e remataron enfrontados**, pois o proletariado empeza a **manifestar as súas propias esixencias: sufraxio universal, melloras sociais, etc.**

Na derradeira parte da vida de Marx, o proletariado **expándese e organízase**. Ao final da súa vida **O MOVEMENTO OBREIRO ERA XA UNHA REALIDADE**. As ideas de Marx tiveron moito que ver con todo isto.



A.- ALIENACIÓN E IDEOLOXÍA EN MARX

Para desenvolver estes dous conceptos da filosofía marxista, hai que facelo dentro do marco do seu denominado: **MATERIALISMO HISTÓRICO**.

Para chegar a el, Marx fai unha crítica de todos os materialismos anteriores, incluído tamén o de FEUERBACH, contraponéndoos ao idealismo. Segundo Marx, neste materialismo tradicional o home é tratado coma un ser pasivo (actitude contemplativa) que observa e anota o que pasa na natureza. Foi precisamente mérito do Idealismo Alemán (de Kant a Hegel) facer do home un ser activo e entender o obxecto como un produto da actividade do suxeito. Pero **A ACTIVIDADE DO SUXEITO REDÚCESE NO IDEALISMO A MERO PENSAMENTO, ACTIVIDADE ABSTRACTA E ESPIRITUAL.** 🌟*

MARX, FRONTE AO MATERIALISMO ANTERIOR, SOSTÉN QUE O HOME É UN SER ACTIVO. Pero **ESTA ACTIVIDADE NON É ABSTRACTA** 🌟*🌟*, como no Idealismo: hai unha relación activa do home coa natureza a través do traballo, é dicir, o ser humano realiza unha ACTIVIDADE PRODUTIVA MATERIAL TRANSFORMADORA DA NATUREZA QUE É A PRAXE PRODUTIVA OU TRABALLO. Ademais, a verdadeira actividade para Marx é a **REVOLUCIONARIA**, é a **praxe revolucionaria: a TRANSFORMACIÓN DA SOCIEDADE E DA HISTORIA POR MEDIO DA REVOLUCIÓN.** 🌟*🌟*

Esta concepción materialista da historia recibe o nome técnico de “MATERIALISMO HISTÓRICO” e pretende ser unha TEORÍA CIENTÍFICA SOBRE A HISTORIA E A SOCIEDADE HUMANA.

A tese central do materialismo histórico é que: NON É A VIDA ESPIRITUAL (A RELIXIÓN, FILOSOFÍA, MORAL...) O MÁIS IMPORTANTE DA HISTORIA (COMO SOSTIÑA HEGEL) SENÓN A VIDA MATERIAL: O QUE OS SERES HUMANOS PRODUCEN E COMO O PRODUCEN. 🌟*🌟* (Por iso o termo “materia” ten en Marx un sentido económico).

Marx afirma que **A HISTORIA HUMANA É A SUCESIÓN DIALÉCTICA (Tese/Antítese/Síntese) DOS DISTINTOS MODOS DE PRODUCCIÓN: ASIÁTICO, ANTIGO, FEUDAL E CAPITALISTA**. Un modo de produción é unha totalidade orgánica que comprende dúas partes: **A INFRAESTRUTURA ECONÓMICA OU BASE MATERIAL e a SUPERESTRUTURA**. A **infraestrutura** está formada por dous elementos: as forzas produtivas e as relacións de produción = FACTORES ECONÓMICOS. As forzas produtivas comprenden a súa vez os medios de produción (instrumentos, máquinas, materias primas, etc.) e os produtores mesmos (a enerxía humana). As relacións de produción non se refiren ás simples relacións humanas senón ás que se establecen no proceso de produción entre os propietarios dos medios de produción e os produtores directos, que non son propietarios deses medios. ESTAS RELACIÓNS DE PRODUCCIÓN SON DE EXPLOTADORES-EXPLOTADOS EN TODAS AS SOCIEDADES CLASISTAS. 🌟*🌟*

Tamén a **superestrutura** está formada por dous niveis: a **“SUPERESTRUTURA XURÍDICO-POLÍTICA”** (Estado, Dereito) e a **SUPERESTRUTURA IDEOLÓXICA** (conxunto de ideas ou crenzas relixiosas, filosóficas, morais, etc. que configuran a conciencia social). **A institución máis importante dentro da superestrutura xurídico política é o Estado**. Para Marx o Estado é un **INSTRUMENTO DE PODER DAS CLASES DOMINANTES SOBRE AS DOMINADAS CO FIN DE MANTER A SITUACIÓN DE PRIVILEXIO DAS PRIMEIRAS** 🌟*🌟*.

En canto á **superestrutura ideolóxica** hai que sinalar que O TERMO “IDEOLOXÍA” TEN DOUS SIGNIFICADOS: Un positivo ou neutral, empregado para referirse en xeral ás distintas formas de conciencia (coñecemento, pensamento) da superestrutura (relixión, filosofía, etc.) E OUTRO NEGATIVO, PEXORATIVO QUE É O QUE MARX ADOITA EMPREGAR: A IDEOLOXÍA É AQUÍ UNHA REPRESENTACIÓN DEFORMADA, FALSEADA DA REALIDADE, PARA FAVORECER INTERESES DE CLASE. EN TODA SOCIEDADE CLASISTA SEGUNDO MARX AS IDEAS IMPERANTES SON AS DA CLASE DOMINANTE E É PROPIO DA IDEOLOXÍA

CONSIDERAR COMO VALORES ABSOLUTOS O QUE NON SON MÁIS QUE INTERESES DA CLASE DOMINANTE (por exemplo: é ideolóxico considerar o capitalismo un sistema eterno baseado en leis naturais porque se trataría dunha idea falsa que impide que este sistema cambie e sexa substituído por outro mellor e que facilitaríaa a perpetuación dos intereses da clase dominante).

Así chegamos á **TESE BÁSICA OU CENTRAL DO MATERIALISMO HISTÓRICO** (antes citada) que **AFIRMA QUE EN CADA ÉPOCA A INFRAESTRUTURA ECONÓMICA DETERMINA E CONDICIONA Á SUPERESTRUTURA IDEOLÓXICA E XURÍDICO-POLÍTICA. É DICIR: A PRODUCCIÓN DA VIDA MATERIAL CONDICIONA A PRODUCCIÓN DA VIDA ESPIRITUAL.** 🌟🌟🌟🌟

Podemos esquematizar isto: FACTORES ESPIRITUAIS: RELIXIÓN, ESTADO, MORAL, DEREITO → SUPERESTRUTURA → Pero, 🌟🌟 a superestrutura depende da infraestrutura, da economía!! Da mesma maneira que a “fachada” dun edificio (Superestrutura) depende dos “cimentos e piares” (Infraestrutura). 🌟🌟 **E a clase dominante UTILIZA A SUPERESTRUTURA DE XEITO “IDEOLÓXICO” para EXPLOTAR AÍND A MÁIS AO EXPLOTADO!!** 🌟🌟

Así que, **ESTA IDEOLOXÍA UTILIZADA POLAS CLASES DOMINANTES, LÉVANOS NO CAPITALISMO Á ALIENACIÓN DO SER HUMANO.** Tamén neste tema comeza Marx DISTANCIÁNDOSE NON SÓ DE HEGEL, SENÓN DE FEUERBACH quen dera á alienación un significado primordialmente relixioso.

Xa que **para Marx** (e para a esquerda hegeliana á que pertence) **O SUXEITO NON É O ESPÍRITO, SENÓN O HOME REAL CONCRETO, a ALIENACIÓN REPRESENTA A DESREALIZACIÓN, ENAXENACIÓN OU PERDA DE SI MESMO DO HOME. “ALIENARSE” É “FACERSE OUTRO”; UN “ESTRAÑAMENTO”, UN “ALLEAMENTO”.**

Como ademais **MARX ENTENDE AO HOME COMO UN SER ACTIVO QUE SE FAI A SI MESMO A TRAVÉS DA HISTORIA, DA SOCIEDADE E TRANSFORMANDO A NATUREZA MEDIANTE O SEU TRABALLO, VAI CENTRAR AS CAUSAS DA ALIENACIÓN NO TRABALLO.**

Así pois, Marx considerará que **A ALIENACIÓN ECONÓMICA ESTÁ NA BASE DAS RESTANTES ALIENACIÓNS: RELIXIOSA, POLÍTICO-XURÍDICA, FILOSÓFICA.** 🌟🌟

a) A **ALIENACIÓN ECONÓMICA:**

O home non goza cos produtos do seu traballo. Non obtén satisfacción do traballo e co traballo que realiza.

Fala Marx de **FETICHISMO** (fetiche = “ídolo, obxecto de culto nos pobos primitivos”), xa que a **mercadoría**, o diñeiro ou o capital son os auténticos fetiches que escravizan ao home. E non hai que esquecer o tema da **PLUSVALÍA** (Plusvalor): **Ganancia do capitalista por tempo de traballo non pagado.**

Na economía capitalista a fórmula sería: D-M-D (Diñeiro-Mercadoría-Diñeiro), que busca como fin último a fórmula **D-M-D'** (sendo D' = diñeiro orixinal + incremento da ganancia).

Segundo Marx, **É NO TRABALLO ONDE TERÍA QUE REALIZARSE O SER HUMANO, pero as condicións do traballo asalariado no capitalismo producen o resultado contrario: a alienación do home** nunha tripla dimensión:

1.- Con respecto **ao produto do seu traballo:** O produto do seu traballo é a **obxectivación (realización) do seu traballo,** pero **ao converterse en capital de outros,** aparece ante o traballador como **“un ser estraño, un poder independente”** que **el non posúe nin domina.** Ao contrario, **CANTOS MÁIS OBXECTOS PRODUCE O TRABALLADOR TANTOS MENOS ACADA A POSUÍR.**

2.- Con respecto á súa propia actividade: A exterioridade do traballo respecto do traballador amósase en que este non lle pertence a el, senón a outro: o capitalista; por iso, **EN VEZ DE SER FONTE DE FELICIDADE, DE REALIZACIÓN FÍSICA E ESPIRITUAL, É CAUSA DE SUFRIMENTO. O TRABALLADOR SÓ SE SINTE EN SI FÓRA DO TRABALLO, E NO TRABALLO ESTÁ FÓRA DE SI. 🌟*🌟*** (Cant@s non credes que este deba seguir sendo o voso traballo porque “non é o voso”, “non estades no voso”?? Cant@s acabaredes en traballos que non vos satisfarán?? Cantas teredes máis sorte???)

3.- Con respecto á natureza e aos outros homes: A natureza no traballo alienado aparece como algo allexo ao traballador, como PROPIEDAD DE OUTRO E NON COMO FONTE DE REALIZACIÓN MEDIANTE A APROPIACIÓN CREATIVA POR MEDIO DO TRABALLO. Ademais, Marx cre que o home, a diferenza dos animais, é capaz de traballar non só para si mesmo e as súas propias necesidades, senón tamén para os demais e para a transformación do mundo en favor da “especie” humana. Pero **NO TRABALLO ALIENADO CÓRTASE TODA RELACIÓN COA NATUREZA E A HUMANIDADE: CADAQUÉN TRABALLA PARA SI MESMO 🌟*🌟* E O OUTRO APARECE COMO O SER Estraño AO QUE PERTENCEN O TRABALLO E O PRODUTO DO TRABALLO OU COMO O COMPETIDOR POLO POSTO DE TRABALLO. 🌟*🌟***

É dicir, as relacións laborais serán relacións alienadas: mercantís, de competencia; facendo de cada home un ser alleo, estraño e inimigo dos demais!! (Non é así no noso mundo???)

Marx chega á conclusión de que A PROPIEDAD PRIVADA É A CONSECUENCIA DO TRABALLO ALIENADO e a realización da alienación, por iso considera que A ALIENACIÓN SE SUPERA MEDIANTE A SUPRESIÓN DA PROPIEDAD PRIVADA DOS MEDIOS DE PRODUCCIÓN nun novo modo de produción “comunista”. Nel as outras alienacións: xurídico-política, relixiosa e filosófica tamén desaparecerían, por ser dependentes da económica. Nas súas derradeiras obras Marx refírese á alienación con termos xa comentados como **“FETICHISMO”: DOMINIO DAS COUSAS SOBRE O HUMANO, ou sexa, OS HOMES VÓLVENSE ESCRAVOS DAS SÚAS PROPIAS CREAMENTOS, é dicir das COUSAS e do DIÑEIRO, E DE “REIFICACIÓN” OU “COUSIFICACIÓN”, ou sexa, NA SOCIEDADE BURGUESA AS RELACIÓNS ENTRE OS SERES HUMANOS APARECEN COMO RELACIÓN ENTRE COUSAS. 🌟*🌟*** (Que modelo de móbil tes? “Tanto tes, tanto vales”🌟*)

b) AS ALIENACIÓNS RELIXIOSA, XURÍDICO-POLÍTICA E FILOSÓFICA.

Son instrumentos moi poderosos. Marx vai máis alá de Feuerbach porque afirma que **A ALIENACIÓN RELIXIOSA É SÓ UN REFLEXO DA MISERIA ECONÓMICA E SOCIAL.** Segundo Feuerbach é o ser humano quen crea a Deus “á súa imaxe e semellanza” en non ao revés. Isto é aceptado por Marx, pero non a súa orixe. Para Feuerbach trátase dunha proxección baseada na natureza do propio ser humano, na súa condición xeral. Para Marx, polo contrario, **BASÉASE NUNHA CONDICIÓ HISTÓRICA DE DESGARRAMENTO, DE DECEPCIÓ CON ESTA VIDA, QUE PROPICIA A BUSCA NO MÁIS ALÓ DUNHA FELICIDADE INALCANZABLE NESTE MUNDO.** Por iso, **A TRANSFORMACIÓN DAS CONDICIÓNS MATERIAIS DA EXISTENCIA LEVARÁN AO ABANDONO DA RESIGNACIÓN RELIXIOSA 🌟*🌟*🌟***.

A CRÍTICA DO CEO CONVÉRTESE EN CRÍTICA DA TERRA E A RELIXIÓ DESCUBRE A SÚA VERDADEIRA NATUREZA ↻

O QUE BUSCA A RELIXIÓ É ADURMIÑAR AO SER HUMANO PARA QUE ESQUEZA AS SÚAS MISERIAS E A OPRESIÓ A QUE É SOMETIDO!! 🌟*🌟*🌟* ⇒ Por iso, a frase de Marx:

“A RELIXIÓ É O OPIO DO POBO”. 🌟*🌟*🌟*

Do mesmo xeito as estruturas xurídico-políticas do capitalismo deben ser criticadas na súa verdadeira natureza. O CONTRATO DE TRABALLO, base da economía liberal, NON É FROITO,

como sostén a filosofía e economía política liberal, DUN PACTO ENTRE IGUAIS, SENÓN IDEOLOXÍA LEXITIMATORIA DA DESIGUALDADE QUE SÓ SERVE ÓS INTERESES DA CLASE DOMINANTE. ♣*♣*AS FORMAS XURÍDICAS QUE A SOCIEDADE LIBERAL PROPUGNA: DEMOCRACIA, DEREITO, ETC. OUTRO TANTO DO MESMO. ♣*♣*

O estado, para manter o dominio das clases poderosas, quíttalle ao home liberdade e individualidade, converténdose nun poder autónomo e inimigo do home.

Finalmente o saber, en xeral, e A FILOSOFÍA, en particular, tamén DESEMPEÑAN ESA FUNCIÓN LEXITIMATORIA DOS INTERESES DA CLASE DOMINANTE. ♣*♣* Nese sentido Marx

REPROCHA AOS FILÓSOFOS O SEU TRABALLO MERAMENTE TEÓRICO: NON SÓ HAI QUE INTERPRETAR O MUNDO, SENÓN TRANSFORMALO. ♣*♣*♣*♣* A teoría convértese así nunha forma de PRAXE ou acción.

Todas estas alienacións dan un panorama escuro. Pero hai unha luz: a sociedade capitalista non é eterna. A loita de clases fará que desapareza. SÓ SE SUPERARÁ O CAPITALISMO CO OPTIMISMO DUN FUTURO FELIZ SEN ALIENACIÓNS.

Este futuro feliz para o ser humano é a base do HUMANISMO MARXISTA, e terá lugar co novo home e muller comunistas, na sociedade comunista, na que serán felices.

Polo tanto, para Marx o cambio histórico, a sucesión dos modos de produción, ten lugar pola CONTRADICIÓN ENTRE AS FORZAS PRODUTIVAS E AS RELACIÓNS DE PRODUCCIÓN. Entón prodúcese unha REVOLUCIÓN SOCIAL QUE DÁ PASO AO NOVO MODO DE PRODUCCIÓN. Esta contradición entre as forzas produtivas e as relacións de produción maniféstase na LOITA DE CLASES. As clases defínense pola distinta posición no proceso de produción, pola propiedade ou non dos medios de produción. En cada modo de produción existen dúas clases antagónicas, de explotadores e explotados: libres e escravos, no modo de produción antigo; señores e servos, no modo de produción feudal; burgueses e proletarios no modo de produción capitalista. E esta loita de clases realízase de MODO DIALECTICO:

Unha clase é a tese, outra a antítese e da oposición xorde a síntese superadora.

Na SOCIEDADE ACTUAL CAPITALISTA:

Tese ⇒ Clase capitalista

Antítese ⇒ proletariado

Síntese ⇒ Sociedade Comunista. (Na que non haberá clases.)

[♣* A clase capitalista leva en si mesma o proletariado, como di Marx: “o capitalismo necesariamente xerará o proletariado, que será o seu sepultureiro”.]

Para Marx A LOITA DE CLASES É O MOTOR DA HISTORIA, o que fai que esta avance, o que fai pasar dunha formación social a outra ATA CHEGAR Á SOCIEDADE SEN CLASES que é o momento último da historia (e non o estado prusiano como pretendeu Hegel). A sociedade sen clases, A SOCIEDADE COMUNISTA, cara onde se dirixe a historia (acelerada mediante a acción do proletariado), VIRÁ A REMATAR COAS ALIENACIÓNS E PERMITIRÁ A REALIZACIÓN TOTAL DO HOME. (Soa demasiado bonito, non???)



↳ Un último punto práctico é o **PASO DA SOCIEDADE CAPITALISTA Á MARXISTA-COMUNISTA.**

Hai moitos estudos dentro do marxismo. Vexamos o de **LENIN** na súa obra *“O Estado e a Revolución”*:

Para Lenin téñense que dar 4 puntos:

1) O paso da Sociedade Capitalista á Comunista **NON se conseguirá PACIFICAMENTE, senón mediante unha REVOLUCIÓN.**

Di Lenin: *“Pretender que os capitalistas abandonen polas boas a súa privilexiada situación é como pretender saltar sobre a nosa propia sombra”*

Esta revolución será realizada polas masas proletarias, guiadas polo P.C.

2) Fase de **DICTADURA DO PROLETARIADO.** Fase necesaria para:

- EDUCAR AO POBO (reeducalo, xa que estaba envelenado pola educación capitalista).

- ELIMINAR “COLETAZOS” DO CAPITALISMO (acabar cos posibles golpes ou intentos de golpes de estado).

3) Fase **SOCIALISTA.** Aquí aínda haberá algunhas diferenzas de clases. O estado será o dono dos medios de produción. (Ex.: URSS).

O lema desta fase é:

“De cada un segundo a súa capacidade, a cada un segundo o seu rendemento”

4) Fase **COMUNISTA.** **Eliminadas as clases. Extinguidos Estado e Relixión, por innecesarios. Precisamos ¡alto desenvolvemento tecnolóxico para que haxa superabundancia de bens!!**

O lema será:

“De cada un segundo a súa capacidade, a cada un segundo as súas necesidades”.

E rematamos con palabras de Marx nas que comentaba as súas aspiracións últimas e a chegada algún día deste lema nunha sociedade mellor:

“Na fase superior, na sociedade comunista, cando teña desaparecido a escravizante subordinación dos individuos á división do traballo e, con ela, o contraste entre traballo intelectual e manual; cando o traballo non sexa só un medio de vivir, e deveña unha necesidade vital; cando, co desenvolvemento múltiple dos individuos, as forzas produtoras aumenten igualmente, e todas as forzas de riqueza colectiva manen con abundancia, só entón o estreito horizonte do dereito burgués poderá ser superado completamente e a sociedade poderá escribir nas súas bandeiras: “de cada un segundo a súa

capacidade, a cada un segundo as súas necesidades” (Marx: “Crítica do programa de Gotha”)]



[RELACIÓN DE MARX COA HISTORIA DA FILOSOFÍA]

Explicar a repercusión histórica de Marx é imposible en poucas liñas. **INSPIRADOR DE NUMEROSOS MOVEMENTOS POLÍTICOS DO SÉCULO XX, FOI EMPREGADO PARA LEXITIMAR A DITADURA DO PROLETARIADO NA ANTIGA URSS** (Unión de repúblicas socialistas soviéticas) E EXPORTADA A ABONDOSOS PAÍSES. **O SEU ÉXITO CHEGA AO PUNTO DE DETERMINAR A DIVISIÓN DO MUNDO EN BLOQUES QUE EXISTIU ATA A FIN DA URSS NO 1991**. NESTE SENSO CABE SINALAR A SÚA INFLUENZA DECISIVA NOS **INSPIRADORES DA REVOLUCIÓN RUSA STALIN, LENIN E TROSKY** (con todas as excepcións e diferenzas existentes na súa lectura de Marx).

DENDE O PUNTO DE VISTA TEÓRICO TAMÉN DEU PÉ A MOITAS FAMILIAS E SUBFAMILIAS. Marx foi fonte de **variadas interpretacións do marxismo** que abranguen dende **ROSA LUXEMBURG**, ata **GRAMSCI, BLOCH, ALTHUSSER** e **LUKÁCS** ou ata **HORKHEIMER, ADORNO** e **BENJAMIN**, nunha subcorrente de **NEOMARXISMO OCCIDENTAL DA ESCOLA DE FRANKFURT** continuado hoxe por filósofos xa máis afastados como **HABERMAS** e inspirados pola súa **análise crítica da sociedade máis que polo seu determinismo histórico**.

PÓDESE DICIR QUE A SÚA CRÍTICA DO CAPITALISMO ALIENANTE REXURDE CON FORZA NUNS TEMPOS DE GLOBALIZACIÓN QUE NOS ACHEGAN FORMAS DE EXPLOTACIÓN CASE ESQUECIDAS NOS PAÍSES DESENVOLVIDOS. ❁❁

Hoxe en día a lectura determinista do marxismo: isto é, a comprensión do materialismo histórico nos termos proféticos da chegada dunha sociedade comunista sen clases non é aceptada sen máis, tal e como pon de manifesto o marxismo analítico.

Filosoficamente habería que indicar que **O PENSAMENTO CLÁSICO É PARA MARX SINÓNIMO DE IDEOLOXÍA: FALSA CONCIENCIA LEXITIMANTE DOS INTERESES DA CLASE DOMINANTE**. Nesa clave, e a risco de simplificar, habería que entender a súa lectura de **PLATÓN, ARISTÓTELES, e TOMÉ DE AQUINO**. **Máis clara resultaría a súa OPOSICIÓN A LOCKE como filósofo que teoriza as aspiracións burguesas co seu deseño do estado liberal no que a propiedade é un dereito fundamental á hora de definir a condición de cidadán e no que o contrato de traballo se entende como un contrato entre iguais que a crítica marxiana denunciaría como falso**. Nesta clave de lectura o podemos entender **XUNTO CON NIETZSCHE e FREUD, FILÓSOFOS DA SOSPEITA**, que **AMOSARON NO SÉCULO XIX QUE AS ASPIRACIÓNS DA FILOSOFÍA DA SUBXECTIVIDADE**, exemplificada nas filosofías de **KANT e HEGEL**, de entender que a realidade podía ser explicada dende o suxeito racional, **NON ESTABA EXENTA DE DÚBIDAS**. Marx amosa, a pouca importancia da razón na configuración dos modos de produción, pero **SEGUE A SER UN ILUSTRADO AO PROXECTAR A SOCIEDADE COMUNISTA COMO REALIZACIÓN DA HUMANIDADE**. Outra cousa é que as políticas realizadas no seu nome se encargaran de desmentilo (URSS, Vietnam, China, Cuba, e un longo etc).



K. MARX, texto 1**Manuscritos económico-filosóficos de 1844**

En que consiste, pois, a alienación do traballo?

Primeiro, en que o traballo é *externo* ao traballador, é dicir, que non pertence á súa esencia, que, por iso, o traballador non se afirma no seu traballo, senón que se nega, non se sente ben, senón infeliz, non desenvolve unha enerxía física e espiritual, senón que mortifica o seu corpo e estraga o seu espírito. De aí que o traballador só se sinta consigo mesmo fóra do traballo e no traballo fóra de si. “No seu” está cando non traballa e cando traballa non está “no seu”. O seu traballo non é, pois, voluntario, senón obrigado, *traballo forzado*. Non é daquela a satisfacción dunha necesidade, senón só un *medio* para satisfacer necesidades alleas. O seu carácter estraño salientase nido en que en canto non hai unha constrición física ou de calquera outra índole, fóxese do traballo como da peste. O traballo externo, o traballo no que o home se allea, é un traballo de autoinmolación, de mortificación. Finalmente a exterioridade do traballo para o traballador maniféstase en que non é o seu propio traballo, senón o doutro, en que non lle pertence, en que no traballo non se pertence a si mesmo, senón a outro. Así como na relixión a actividade espontánea da fantasía humana, do cerebro e do corazón humanos, esta actúa independentemente do individuo, é dicir, é para el coma efecto dunha acción divina ou demoníaca; así a actividade do traballador non é actividade de seu; pertence a outro, é a perda de si mesmo.

K. MARX, *Manuscritos económico-filosóficos de 1844*, Primeiro manuscrito, XXIII (O traballo alleado) Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

K. MARX, texto 2**A ideoloxía alemá**

En completa oposición á filosofía alemá, a cal descende do ceo á terra, erguémonos aquí da terra ao ceo. É dicir, non se parte daquilo que os homes din, imaxinan ou se representan, e tampouco dos homes ditos, pensados, imaxinados, representados, para dende aí chegar aos homes de carne e óso; pártese dos homes realmente activos e con base no seu real proceso vital, preséntase tamén o desenvolvemento dos reflexos e ecos ideolóxicos deste proceso de vida. Tamén as imaxes nebulosas no cerebro dos homes son sublimacións necesarias do seu proceso vital material empiricamente constatable e ligado a precondicións materiais. A moral, a relixión, a metafísica, e a restante ideoloxía, e as formas da consciencia que lles corresponden, non conservan así por máis tempo a aparencia de autonomía. Non teñen historia, non teñen desenvolvemento, senón que os homes que desenvolven a súa produción material e o seu intercambio material son os que, ao cambiar esta súa realidade, cambian tamén o seu pensamento e os produtos do seu pensamento. Non é a consciencia a que determina a vida, senón que é a vida a que determina a consciencia. No primeiro modo de consideración pártese da consciencia como individuo vivo; no segundo, que corresponde á vida real, pártese dos mesmos individuos vivos e reais e considérase a consciencia unicamente como a súa consciencia.

K. MARX / F. ENGELS; *A Ideoloxía alemá* (1845/46), Tomo I, I. A. [1.] (A ideoloxía en xeral, nomeadamente a alemá) Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

K. MARX, texto 3

Para a crítica da economía política

O resultado xeral que obtiven e que, unha vez conseguido, serviu de fío condutor aos meus estudos, pode ser así sucintamente formulado: na produción social da súa vida entran os homes en determinadas relacións, necesarias, independentes da súa vontade, relacións de produción que corresponden a un determinado nivel de desenvolvemento das súas forzas produtivas materiais. A totalidade destas relacións de produción forma a estrutura económica da sociedade, a base real sobre a cal se ergue unha superestrutura xurídica e política, e á cal corresponden determinadas formas da consciencia social. O modo de produción da vida material condiciona o proceso da vida social, política e espiritual. Non é a consciencia dos homes a que determina o seu ser, senón ao contrario, é o seu ser social o que determina a súa consciencia. Nunha certa etapa do seu desenvolvemento, as forzas produtivas materiais da sociedade entran en contradición coas relacións de produción existentes ou, o que é só unha expresión xurídica disto, coas relacións de propiedade no seo das cales se tiñan ata aí movido. De formas de desenvolvemento das forzas produtivas, estas relacións convértense en ataduras das mesmas. Sobrevén así unha época de revolución social.

K. MARX; *Para a crítica da economía política* (1859), Prólogo Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

K. MARX, texto 4

O capital

Por outra banda, emporiso, restrínxese o concepto de traballo produtivo. A produción capitalista non é simple *producción de mercancías*, é esencialmente produción de plusvalía. O traballador non produce para si, senón para o capital. É por iso que xa non abonda con que simplemente produza; ten que producir plusvalía. *Só é produtivo o traballador que produce plusvalía para o capitalista ou en proveito da autorrealización do capital (...)* Por iso en ningún caso o concepto de traballo comprende unicamente unha relación entre actividade e efecto útil, entre traballador e produto do traballo, senón tamén unha relación de produción especificamente social que se xera historicamente e que fai do traballador un instrumento inmediato para o proveito do capital. (...)

A prolongación da xornada laboral alén do punto no que o traballador ten xa producido un equivalente do valor da súa forza de traballo e máis a apropiación desta plusvalía polo capital: iso é a produción de *plusvalía absoluta*. Esta constitúe o fundamento universal do sistema capitalista e a orixe da produción de plusvalía relativa. Neste caso a xornada laboral está dividida de antemán en dúas partes: traballo necesario e traballo engadido. Para prolongar o traballo engadido acúrtase o traballo necesario por métodos mediante os cales o equivalente do salario é producido en menos tempo. A produción da plusvalía absoluta ten que ver unicamente coa duración da xornada de traballo; a produción da plusvalía relativa revoluciona por completo os procesos técnicos de traballo e os agrupamentos sociais.

K. MARX; *O capital*, Tomo I (Crítica da economía política), Libro I, Sección V, Cap XIV (Plusvalía absoluta e relativa) Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

